

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

11359 *Orde ISM/903/2020, do 24 de setembro, pola que se regulan as notificacións e comunicacións electrónicas no ámbito da Administración da Seguridade Social.*

As notificacións e comunicacións electrónicas no ámbito da Seguridade Social están reguladas mediante a Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, que se ditou en desenvolvemento das previsións contidas para o efecto tanto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, como no artigo 5.2.e) e na disposición adicional quincuaxésima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que constituían a normativa legal entón vixente sobre a materia.

Posteriormente, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, supuxo un novo avance no uso de medios electrónicos no ámbito das administracións públicas ao establecer que a tramitación electrónica debe ser a forma habitual de funcionamento destas e da súa relación cos cidadáns. Sobre ese presuposto, a lei ordénase cara a unha Administración totalmente electrónica, interconectada e transparente, que permita axilizar os procedementos administrativos e reducir os tempos de tramitación.

Nesa orientación destacan as novidades introducidas pola citada lei en materia de notificacións electrónicas, configuradas como preferentes. A iso únese a obriga de relacionarse electronicamente coas administracións públicas que se impón ás persoas xurídicas, ás entidades sen personalidade xurídica e a aqueles que exerzan unha actividade profesional que requira colexiación previa, entre outros colectivos.

Ademais, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, atribúelles ás administracións públicas a facultade de establecer regulamentariamente a obriga de relacionarse con elas por medios electrónicos e, en concreto, de practicar as notificacións por esta vía respecto de determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas en que, por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado o seu acceso e a dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios. Fóra destes supostos, as persoas físicas poderán elixir en todo momento a forma de relacionarse coas administracións públicas no exercicio dos seus dereitos e obrigas, xa sexa a través de medios electrónicos ou non.

Así mesmo, a citada lei introduce novas medidas para garantir o coñecemento da posta á disposición das notificacións por medios electrónicos, a través do envío de avisos de notificación aos dispositivos electrónicos ou ao enderezo de correo electrónico que comunicase o interesado.

Pola súa banda, e dentro do ámbito específico da Seguridade Social, o artigo 132 do vixente texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, tamén regula as notificacións de actos administrativos por medios electrónicos, e establece que se efectuarán a través da sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións, tanto respecto dos suxeitos obrigados que determine o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións como respecto daqueles que, sen estaren obrigados, opten pola dita clase de notificación, así como outras peculiaridades relativas á práctica desas notificacións.

Como consecuencia, resulta preciso establecer unha nova regulación das notificacións e comunicacións electrónicas no ámbito da Administración da Seguridade Social que se adapte ao novo marco normativo. A esta finalidade responde esta orde, que, con ese obxectivo, substitúe a Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo.

En canto ao contido e tramitación desta orde observáronse os principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Así, a norma é respectuosa cos principios de necesidade e de eficacia, pois responde ao interese xeral, axilizando os procedementos administrativos no ámbito da Seguridade Social, dotándoos de maior seguridade e transparencia e, en definitiva, facilitándolles aos cidadáns o exercicio dos seus dereitos ante a Administración da Seguridade Social.

Igualmente, a norma adecúase ao principio de proporcionalidade, sen que sexa restritiva de dereitos, senón garante deles, de acordo coa regulación legal que desenvolve. Do mesmo modo, vén garantir o principio de seguridade xurídica, ao establecer unha regulación coherente co resto do ordenamento xurídico, que resulta predicible e clara e que facilita a actuación e toma de decisións por parte dos interesados. En canto ao principio de eficiencia, esta orde minora as cargas administrativas para os cidadáns e, ben que a súa aplicación efectiva exige adaptacións nos medios utilizados pola Administración da Seguridade Social para relacionarse cos cidadáns, o seu custo é totalmente proporcionado aos beneficios que reporta.

Finalmente, cúmprese o principio de transparencia en canto que, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, esta orde se someteu ao trámite de audiencia e información pública.

No proceso da súa tramitación, a norma tamén se someteu á consulta dos órganos e organismos en cuxas competencias ten algún tipo de incidencia.

Sobre esta orde emitiu informe favorable a Comisión Ministerial de Administración Dixital do Departamento, ao abeiro do previsto no artigo 2.2 h) da Orde ESS/1355/2015, do 25 de xuño, pola que se crea o citado órgano e se regula a súa composición e funcións.

A orde dítase en exercicio das facultades atribuídas ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións polos artigos 5.2 e) e 132.1 e pola disposición derradeira oitava do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e ao abeiro do artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación básica da seguridade social.

Na súa virtude, logo da aprobación da ministra de Política Territorial e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto regular os supostos, o réxime e as condicións en que se deben practicar as notificacións e comunicacións por medios electrónicos no ámbito da Administración da Seguridade Social, de conformidade co previsto nos artigos 14, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 5.2.e) e 132 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

2. Para os efectos desta orde, enténdese por:

a) Administración da Seguridade Social: a totalidade das direccións xerais, entidades xestoras e servizos comúns incluídos no ámbito de aplicación da sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións (en diante, SEDESS), de conformidade co artigo 2.a) da Orde TIN/1459/2010, do 28 de maio, creadora da dita sede.

b) Notificación: actuación no seo dun procedemento administrativo que afecta dereitos ou intereses do destinatario pola que se lle traslada o contido dunha resolución ou acto administrativo coas debidas garantías e formalidades para producir efectos xurídicos.

c) Comunicación: actuación no seo dun procedemento administrativo destinada a poñer en coñecemento do interesado feitos ou circunstancias que non teñen efectos xurídicos.

d) Aviso: mensaxe electrónica mediante a cal se pon en coñecemento da persoa ou entidade interesada a existencia dunha notificación ou dunha comunicación electrónica a ela dirixida.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto nesta orde será de aplicación ás notificacións e comunicacións electrónicas dirixidas ás persoas físicas, xurídicas ou entes sen personalidade xurídica que sexan suxeitos de relacións xurídicas coa Administración da Seguridade Social en materia de inscrición de empresas, afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores, cotización, recadación e prestacións, así como respecto de calquera outra relación xurídica coa citada Administración da Seguridade Social, coas excepcións e limitacións previstas nesta orde, ou en calquera outra norma de rango legal ou regulamentario que regule esta materia.

As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social deberán incorporarse ao sistema de notificación electrónica regulado nesta orde, para os efectos de recibir as notificacións e comunicacións da Administración da Seguridade Social mediante comparecencia na SEDESS, desde a data de efectos da autorización da súa constitución.

En todo caso, quedarán excluídas as relacións xurídicas en que a Administración da Seguridade Social actúe en calidade de suxeito de dereito privado.

Artigo 3. *Sistema de notificacións e comunicacións por medios electrónicos.*

1. As notificacións e comunicacións por medios electrónicos no ámbito da Administración da Seguridade Social practicaránse mediante o sistema de comparecencia na SEDESS no enderezo electrónico <https://sede.seg-social.gob.es>, salvo que se trate de relacións xurídicas para as cales se estableza ou se establecese outro sistema de notificación ou comunicación electrónica.

2. En ningún caso se efectuarán por comparecencia na SEDESS as notificacións ou comunicacións seguintes:

a) As dirixidas ás entidades financeiras adheridas ao procedemento para efectuar por medios electrónicos o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito.

b) As dirixidas ás administracións públicas adheridas ao procedemento para efectuar por medios electrónicos a traba das devolucións tributarias ou de ingresos indebidamente realizados e pagamentos con cargo ao orzamento de gastos das ditas administracións públicas.

c) As dirixidas ás administracións públicas e aos profesionais oficiais en que se solicite información, obxecto ou non de tratamento automatizado, que sexa útil para a recadación dos recursos da Seguridade Social.

d) As dirixidas pola Administración da Seguridade Social nos supostos en que, de acordo co artigo 77 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, estea obrigada á subministración ou cesión dos datos, informes ou antecedentes obtidos no exercicio das súas funcións.

e) Todas aquelas que se realicen a través de ámbitos seguros entre distintas entidades ou administracións públicas.

Artigo 4. *Suxeitos obrigados a recibir notificacións e comunicacións por medios electrónicos.*

1. Estarán obrigados a recibir por medios electrónicos as notificacións e comunicacións que no exercicio das súas competencias lles dirixa a Administración da Seguridade Social:

a) En todo caso, as persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica, así como aqueles que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira colexiación obrigatoria, cando a notificación ou comunicación se produza por razón do exercicio da dita actividade profesional.

b) As persoas físicas non incluídas na alínea a) que estean obrigadas a incorporarse ao Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (en diante, Sistema RED) e as que, sen estaren obrigadas, se adherisen voluntariamente a este,

segundo o previsto na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, pola que se regula o Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social.

As ditas persoas quedarán obrigadas a comparecer na SEDESS, para os efectos de recibir as notificacións e comunicacións electrónicas a que se refire esta orde, desde o momento en que deban estar incorporadas ao Sistema RED ou desde o momento da súa incorporación ao dito sistema, respectivamente.

c) As persoas físicas non incluídas nas alíneas a) e b) que sexan solicitantes ou perceptoras de prestacións por nacemento e coidado de menor, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.

d) Aqueles que figuren inscritos no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Seguridade Social como apoderados para recibir notificacións e comunicacións da Administración da Seguridade Social, ou teñan un poder xeral inscrito no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado, aínda cando os seus apoderantes non estean obrigados a relacionarse electronicamente con ela.

2. As persoas físicas non incluídas no punto anterior poderán manifestar a súa vontade de recibir as notificacións e comunicacións da Administración da Seguridade Social exclusivamente por medios electrónicos, a través do servizo correspondente da SEDESS, e quedarán automaticamente obrigadas a recibilas mediante comparecencia na dita sede electrónica desde que exercesen a súa opción por esa forma de notificación. Non obstante, en calquera momento poderán manifestar a través do dito servizo a súa vontade de que as notificacións sucesivas se deixen de practicar exclusivamente por medios electrónicos.

En todo caso, as notificacións e comunicacións que se practiquen por medios non electrónicos tamén se poñerán á disposición dos seus destinatarios na SEDESS para que poidan acceder ao seu contido de xeito voluntario, despregando os correspondentes efectos, no caso das notificacións, segundo o previsto no artigo 9.

Artigo 5. *Notificacións e comunicacións efectuadas por medios non electrónicos.*

1. En ningún caso se efectuarán por medios electrónicos as seguintes notificacións:

a) Aquelas en que o acto que se vaia notificar vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico.

b) As que conteñan medios de pagamento a favor dos interesados, tales como cheques.

c) As que, conforme a súa normativa específica, se deban practicar mediante comparecencia no domicilio do interesado ou noutro lugar sinalado para o efecto pola dita normativa, ou en calquera outra forma non electrónica.

2. A Administración da Seguridade Social poderá practicar as notificacións e comunicacións por medios non electrónicos, aínda cando se trate de suxeitos obrigados a recibilas por medios electrónicos:

a) Cando se realicen con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou do seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.

b) Cando, para asegurar a eficacia da actuación administrativa, resulte necesario practicar a notificación ou comunicación por entrega directa dun empregado público da Administración notificante.

c) Cando resulten incompatibles coa inmediatez ou celeridade que requira a actuación administrativa para asegurar a súa eficacia.

Artigo 6. *Posta á disposición das notificacións e comunicacións electrónicas na SEDESS.*

1. Nos supostos previstos no artigo 4.1, alíneas a) e b), as notificacións e comunicacións electrónicas poñeranse á disposición tanto do obrigado a recibilas como,

se é o caso, do autorizado que en cada momento teña asignada a xestión no Sistema RED do código de conta de cotización principal ou, na súa falta, do número de Seguridade Social daquel, nos termos previstos na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo. Non obstante, o suxeito obrigado poderá optar en calquera momento por que as notificacións e comunicacións electrónicas a el dirixidas se poñan exclusivamente á súa disposición ou á dun terceiro a quen outorgasen a súa representación.

As notificacións e comunicacións deixarán de ser accesibles para o autorizado no Sistema RED a partir da data en que quede desasignado ou, se é o caso, desde o momento en que o obrigado opte por que se poñan exclusivamente á súa disposición, e só para aquelas notificacións ou comunicacións que non fosen emitidas na data da desasignación ou do exercicio da opción.

2. As notificacións e comunicacións electrónicas practicadas aos autorizados no Sistema RED entenderanse realizadas aos interesados obrigados a recibilas, e serán válidas e vinculantes para eles.

Cando as notificacións e comunicacións por medios electrónicos se poñan á disposición dun autorizado no Sistema RED e este designase un ou máis usuarios secundarios para a transmisión electrónica de datos no dito sistema, conforme o previsto na orde reguladora deste, as notificacións e comunicacións que estes reciban entenderanse practicadas directamente ao titular da autorización.

3. No suposto previsto no artigo 4.1.d), as notificacións e comunicacións por medios electrónicos poñeranse á disposición tanto do apoderante como do seu apoderado ou apoderados.

Nestes casos, a partir da data en que se produza a inscrición do apoderamento no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Seguridade Social ou, se é o caso, no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado, os apoderados poderán acceder, con efectos de notificación ou comunicación, ao contido dos actos, actuacións, feitos ou circunstancias dirixidos ao apoderante que se poñan á disposición na SEDESS, así como a aqueles que na dita data non fosen notificados ou comunicados.

Do mesmo modo, as notificacións e comunicacións dirixidas ao apoderante deixarán de ser accesibles para o apoderado a partir da data en que o apoderamento deixe de ter efectos no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Seguridade Social ou no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado.

4. Nos supostos de multiplicidade de posibles receptores a que se refiren os puntos anteriores, tomarase como data de notificación ou comunicación aquela en que se producise en primeiro lugar o acceso ao contido dos actos, actuacións, feitos ou circunstancias postos á disposición na SEDESS ou o seu rexeitamento.

Artigo 7. Extinción da autorización ou do poder para recibir notificacións e comunicacións.

1. Cando, conforme o establecido no artigo 6.1, un autorizado no Sistema RED sexa receptor de notificacións electrónicas e se produza a desvinculación do código de conta de cotización principal e, se é o caso, do número de Seguridade Social asignado á autorización, as notificacións e comunicacións electrónicas poñeranse exclusivamente á disposición do interesado obrigado a recibilas ou dun terceiro a quen outorgasen a súa representación, ata que o dito código ou número de Seguridade Social queden asignados a un novo autorizado no Sistema RED, caso en que tamén se poñerán á disposición deste último.

Unha vez que se producise a desvinculación entre o suxeito responsable e o autorizado RED, remitiranse os avisos correspondentes que informen acerca dos efectos que deriven en materia de recepción de notificacións ou comunicacións. En ningún caso a ausencia dos ditos avisos se poderá aducir para opoñerse á eficacia xurídica que teñan as notificacións ou comunicacións electrónicas que se produzan a partir do dito momento.

2. No suposto do artigo 6.3, cando o apoderado manifeste a súa renuncia á representación outorgada ou se produza a extinción do poder outorgado por calquera outra causa que afecte o apoderado, a Administración da Seguridade Social comunicará tal circunstancia ao apoderante, e practicaranse as notificacións e comunicacións directamente a este.

Artigo 8. *Práctica das notificacións electrónicas.*

1. A notificación por parte da Administración da Seguridade Social mediante o sistema de comparecencia na SEDESS entenderase producida no momento en que calquera dos posibles receptores previstos no artigo 6 acceda ao contido da actuación administrativa correspondente a través da dita sede.

Entenderase rexeitada a notificación se, transcorrido o prazo de dez días naturais desde a posta á disposición da notificación na SEDESS, non se accede ao seu contido.

2. Cando a Administración da Seguridade Social poña á disposición do interesado e, se é o caso, do seu autorizado ou apoderado unha actuación administrativa na SEDESS para os efectos da súa notificación, remitirase un aviso de carácter informativo ao dispositivo electrónico e/ou enderezo de correo electrónico que aqueles comunicasen para estes efectos.

O aviso informativo conterá os datos básicos que permitan a identificación da notificación.

A omisión do aviso non impedirá a validez da notificación na SEDESS practicada conforme o previsto nesta orde.

3. A identificación do destinatario ou destinatarios da notificación realizarase necesariamente mediante os sistemas de identificación e sinatura admitidos na SEDESS.

4. Con carácter previo ao acceso ao contido das actuacións administrativas, e unha vez seleccionada polo seu destinatario a que corresponda, visualizarase un aviso do carácter de notificación que terá o dito acceso ou, se é o caso, o rexeitamento da notificación, ben sexa expreso ou polo transcurso do prazo de dez días naturais previsto no artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Deberase aceptar expresamente a notificación para que se faga efectivo o acceso ao contido da actuación administrativa.

Cando por causas imputables á Administración da Seguridade Social o acceso ás notificacións na SEDESS dentro do prazo dos dez días naturais non sexa posible por un tempo superior a doce horas, considerarase suspendido temporalmente o dito prazo desde o día do inicio ata o seguinte ao da finalización da incidencia, e restablecerase entón o cómputo do prazo.

5. O sistema de notificación electrónica mediante comparecencia na SEDESS acreditará a data e hora en que teña lugar a posta á disposición do acto obxecto de notificación, así como a data e hora do acceso ao seu contido ou, se é o caso, do rexeitamento, e deixará constancia da concreta actuación administrativa notificada e do seu contido.

Todos os datos anteriores poderán ser certificados pola SEDESS. A certificación poderá xerarse de xeito automatizado e incluírá a identidade do destinatario e do receptor, así como, se é o caso, a data en que a notificación se considerou rexeitada por transcorrer o prazo de dez días naturais indicados no punto anterior ou en que se rexeitou expresamente.

Artigo 9. *Práctica simultánea de notificacións electrónicas e non electrónicas.*

Cando, nos supostos previstos nos artigos 4.2 e 5.2, a Administración da Seguridade Social leve a cabo a práctica de notificacións de forma simultánea por medios electrónicos e non electrónicos, todos os efectos da actuación administrativa de que se trate entenderanse producidos a partir da primeira das notificacións efectuadas, ben por comparecencia na SEDESS de forma voluntaria ou ben por medios non electrónicos.

Disposición transitoria única. *Subscrición voluntaria para a recepción de notificacións electrónicas.*

Os suxeitos non obrigados a relacionarse coa Administración da Seguridade Social por medios electrónicos que manifestasen a súa vontade de recibir as notificacións e comunicacións da Administración da Seguridade Social polos ditos medios, ao abeiro do previsto no artigo 3.3 da Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, pola que se regulan as notificacións e comunicacións por medios electrónicos no ámbito da Seguridade Social,

seguirán recibindo as notificacións e comunicacións a eles dirixidas exclusivamente por medios electrónicos, e considerárase para os efectos desta orde que manifestaron a súa vontade en tal sentido, en canto non manifesten o contrario a través do correspondente servizo na SEDESS.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, pola que se regulan as notificacións e comunicacións por medios electrónicos no ámbito da Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica da seguridade social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o titular da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións para ditar cantas resolucións resulten necesarias para a aplicación e execución do previsto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día 2 de outubro de 2020.

Madrid, 24 de setembro de 2020.–O ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, José Luis Escrivá Belmonte.